



Resolución do expediente de aprobación do Proxecto de Ordenación, con código PO-00023404J(1.1) e titulado Proxecto de ordenación forestal COTO REDONDO, Parroquia SANTALLA, Concello Samos, Provincia Lugo .

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro.** Con data 28/01/2021 tivo entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación o expediente exposto con anterioridade.

**Segundo.** A solicitude inclúe novos modelos silvícolas ou de xestión forestal ou de referentes de boas prácticas específicos.

**Terceiro.** A documentación presentada está completa.

**Cuarto.** No plan Xeral do devandito instrumento aparece reflectido o obxectivo pastos.

**Quinto.** Seguindo o establecido no artigo 15 do Decreto 52/2014, procedeuse a requerir os seguintes informes:

- Informe do Distrito Forestal IX - LUGO / SARRIA. Solicitado con data 02/02/2021 e non recibido. Favorable por silencio. Con data 14/04/2021 recibíuse fora de prazo o informe con sentido favorable.
- Informe do Servizo de Patrimonio Natural. Recibido con data 12/02/2021 en sentido favorable
- Informe do Servizo de Patrimonio Cultural. Recibido con data 11/02/2021 en sentido favorable

**Sexto.** Con data 27/04/2021 o servizo de montes propón a aprobación do expediente indicando:

O instrumento cumpre cos requisitos establecidos no Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia e eleva o expediente á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal para que resolva a súa aprobación.

Os modelos silvícolas ou de xestión forestal ou de referentes de boas prácticas específicos aseguran a persistencia, estabilidade ou sostenibilidade dos aproveitamentos forestais e presentan a mesma estrutura que os establecidos por orde da consellería competente en materia forestal segundo o establecido nos artigos 13.2 e 13.3 do Decreto 52/2014.

Con data 01.03.2021 foi asinado por parte da Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático a resolución pola que se emite a declaración de impacto ambiental para a repoboación forestal do monte de Coto Redondo. Esta actuación contempla a actuación en 23,61 ha, das cales 22,09 ha son obxecto de repoboación con P. Sylvestris e o resto infraestruturas vinculadas á mesma. Pese a que foi notificada ao Servizo de Montes de Lugo, este non participou no expediente xa que non exerceu de órgano substantivo do procedemento. Porén no control do proxecto foi supervisado que as condicións da declaración foron observadas dentro do proxecto de ordenación.





## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

**Primeiro.** Segundo o establecido no artigo 8.1 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia a competencia para resolver correspóndelle á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

**Segundo.** O expediente foi instruído conforme ao disposto ao Decreto 52/2014, de 16 de abril polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e xestión de montes, e segundo o Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e seguindo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Polo anteriormente exposto, RESOLVO:

APROBAR a primeira presentación do Proxecto de Ordenación, con código PO-00023404J(1.1) e titulado Proxecto de ordenación forestal COTO REDONDO, Parroquia SANTALLA, Concello Samos, Provincia Lugo e autorizar a súa inscrición no Rexistro de Montes Ordenados, segundo o artigo 81.1 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, cunha vixencia ata o 31 de decembro do ano 2029 inclusive, co número de rexistro 2700328.

Considérase incorporada a esta Resolución, a Declaración de Impacto Ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático con data 01/03/2021 para a repoboación forestal do monte de Coto Redondo, na parroquia de Santalla, Concello de Samos e publicada no DOGA nº 52 en data 17 Marzo 2021, de conformidade co artigo 42 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Esta resolución circunscribe ás competencias dos organismos sectoriais da Xunta de Galicia, sen prexuízo das competencias que outros organismos, nomeadamente os estatais, poidan ter sobre a materia.

AUTORIZAR os novos modelos silvícolas ou de xestión forestal ou de referentes de boas prácticas específicos: • P13 : Modelo pascícola: Pastos

AUTORIZAR a inscrición no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo de 9,8137 Ha do monte.





Contra a presente resolución, a persoa interesada poderá interpoñer RECURSO DE ALZADA no prazo DUN MES dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a Conselleira do Medio Rural, ao abeiro dos art 112 e 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Transcorrido este prazo sen presentarse o devandito recurso, esta resolución adquirirá firmeza en vía administrativa.

Mediante este documento notifícase a CMVMC CASELA E PARADA, NIF V27229640 esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela,  
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal  
Chan Rodríguez, José Luis





**DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DE REPOBOACIÓN FORESTAL NO M.V.M.C. COTO REDONDO, NA PARROQUIA DE SANTALLA, NO CONCELLO DE SAMOS (LUGO), PROMOVIDO POLA C.M.V.M.C. DE CASELAS E PARADA (CLAVE 2019/0011).**

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, en base as súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e, de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro (BOE nº 294 do 6.12.2018), establece no seu artigo 7.1 apartado a) que os proxectos comprendidos no seu anexo I serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

O proxecto ao que se refire esta proposta de declaración atópase incluído no grupo 9. apartado a) punto 2º [Proxectos para destinar áreas incultas ou áreas seminaturais á explotación agrícola ou aproveitamento forestal madeireiro que impliquen a ocupación dunha superficie maior de 10 ha] do citado anexo I, polo que, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a súa declaración de impacto ambiental (DIA), conforme o disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

## **1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO**

### **1.1. Promotor e órgano substantivo**

O promotor do proxecto é a Comunidade de Monte Veciñal en Man Común (C.M.V.M.C.) de Caselas e Parada e o órgano substantivo é a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Medio Rural, por ostentar a competencia sobre a actividade a cuxa finalidade se orienta o proxecto.

### **1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización**

O obxecto deste proxecto é a repoboación forestal no MVMC “Coto Redondo”, situado na parroquia de Santalla, concello de Samos.

As coordenadas UTM (ETRS89, Fuso 29) do centroide da zona de actuación son:

X: 641.990 m

Y: 4.722.376 m


A superficie total de actuación é de 23,615, das cales 22,093 ha son destinadas á plantación de *Pinus sylvestris*, e a superficie restante (1,522 ha) son infraestruturas vinculadas á defensa contra incendios.








**Figura 1.** Localización da única mouteira de repoboación (mouteira 1 con puntos negros) con respecto ao MVMC “Coto Redondo” (delimitado por puntos vermellos). Fonte: Estudo de Impacto Ambiental



**Figura 2.** Superficie de repoboación, coa área de defensa contra incendios (devasas) en violeta e as pistas, que tamén actúan como área de defensa contra incendios, en azul. Fonte: Estudo de Impacto Ambiental

Na actualidade, a superficie do monte está ocupada por matogueiras e zonas rasas, como se mostra na Figura 3. As formacións principais son os queirogais, carqueixais, folgueiras, toxeias, silveiras, xesteiras e especies de *Halimium sp.* e *Cistus sp.* vinculadas ás anteriores.





**Figura 3.** Formacións vexetais da zona de actuación. Fonte: Estudo de Impacto Ambiental

En canto ás actividades que se van levar a cabo, a repoboación forestal implica o tratamento previo do mato, a preparación do terreo por medio do aburatado de 60x60x60x cm con retroaraña e a plantación. A continuación descríbense cada unha das etapas:

- Tratamento previo do mato: levarase a cabo de xeito puntual, cunha rozadoira enganchada á retroaraña ou co propio cazo desta, nunha superficie dun metro cadrado, na zona na que despois se farán os buratos.
- Preparación do terreo: será puntual, por medio da retroaraña que fará un aburatado de 60x60x60 cm unha vez retiradas as pedras e a vexetación existente.
- Plantación: de plántulas de *Pinus sylvestris* de dous zumes a raíz núa, nos ocos feitos para tal fin. O marco de plantación será de 3x3 m (1111 pés/ha).

Ademais, tamén se prepararán áreas de defensa contra incendios forestais (devasas) cunha superficie de 1,147 ha e 0,375ha de devasas nos lindes con pistas.

### 1.3. Principais elementos ambientais da contorna

A **nivel hidrolóxico**, a rede fluvial da zona pertence á conca do Río Lóuzara que discorre de norte a sur, afluente do río Lor tributario do Sil. A mouteira de actuación localízase na zona de policía do Rego do Castiñeiro do Lobo e a uns 50 m do Rego Madre da Auga, ademais de varios cursos de auga sen nome que nacen no propio monte ou nas súas beiras e que tamén verten as súas augas ao Río Lóuzara. Ademais o río Lóuzara, está catalogado como “Zona de protección ou mellora para ser apta para a vida dos peixes”. Así mesmo, varios cursos de auga do monte están catalogados como zona protexida por ser Área de presenza da especie ameazada “*Gallemys pyrenaicus*”. A área de actuación non está afectada por ningunha das zonas húmidas recollidas no Inventario de humidais de Galicia (IHG).







No que atinxe a **espazos protexidos**, o MVMC de Coto Redondo forma parte da Rede Natura 2000 ao pertencer á ZEC “Ancares – Courel” (ES1120001), e localízase na zona 2 (área de conservación).

A **vexetación** na área de actuación está composta principalmente por rasos e matogueira, asociados con afloramentos rochosos ou a algúns exemplares dispersos de coníferas ou frondosas. A superficie arborada é moi pouco representativa e sempre asociada ao cursos de auga existentes. As formacións máis características da matogueira que aparecen na área de estudo son:

- **Queirogais:** formados por especies do xénero *Erica*, como *E. arborea*, *E. cinerea*, *E. umbellata*, *E. aragonensis*, *E. ciliaris* e *Calluna vulgaris*. Aparecen distribuídos por todo o monte, mesturados con carqueixas (*Chamaespartium tridentatum*) e en menor proporción con *Halimium sp.* e *Daboecia cantabrica*.
- **Carqueixais:** formados por carqueixa (*Chamaespartium tridentatum*) asociada a *Erica sp.* e a *Halimium sp.*
- **Folgueiras:** formacións de *Pteridium aquilinum* con *Rubus sp.* e outros fentos. Adoita aparecer en áreas de valgada, próximas a arroios, solos húmidos e profundos.
- **Toxeiras:** matogueiras heliófilas de toxos (*Ulex sp.*). Non son formacións moi frecuentes, xeralmente nas cotas máis baixas.
- **Silveiras:** formacións de especies do xénero *Rubus*. Aparecen baixo a cuberta de piñeirais adultos. Tamén se atopan con *Pteridium aquilinum* nas zonas máis húmidas do monte como arroios e valgadas, así coma en claros, terrapléns, pistas e camiños.
- **Xesteiras:** formacións de elevado porte, integradas por *Cytisus striatus*, *Cytisus scoparius* e *Cytisus multiflorus* xunto con algunha *Genista sp.*

Hai tamén presenza doutras especies como *Halimium sp.* e *Cistus sp.* vinculadas ás formacións anteriores.

En canto a **hábitats naturais** de interese comunitario, segundo o EsIA na área de estudo estarían presentes os seguintes hábitats naturais de interese comunitario e/ou prioritario (\*):

Código UE	Prioritario	Denominación
3260	NON	Ríos dos pisos basal a montano
4020*	SI	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	NON	Queirogais secos europeos
6220*	SI	Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde <i>Thero-Brochypodietea</i>
6430	NON	Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chairas
6510	NON	Prados de sega de baixa altitude
8130	NON	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	NON	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	NON	Rochedos silíceos con vexetación pioneira
8310	NON	Covas non explotadas polo turismo
91E0*	SI	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i>
9230	NON	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>
9260	NON	Souto de Castiñeiro





Ademais dos hábitats indicados, hai dúas unidades ambientais que poderían verse afectadas, a UA310 (Grandes superficies de queirogais) e UA320 (Matogueiras e medios rochosos silíceos).

As teselas inventariadas dentro da UA310 estarían dominadas polo hábitat de interese comunitario 4030 Queirogais secos europeos, coa posible presenza, en menor porcentaxe, dos hábitats 3260, 4030\*, 6220\*, 8130, 8220, 8230 e 8310.

As teselas inventariadas dentro da UA320 estarían dominadas por un mosaico de medios rochosos e matogueiras. O inventario informa da presenza do hábitat 4030 como hábitat vinculado (<10%) xunta con hábitats rochosos 3260, 4030, 6220\*, 8130, 8310, cunha porcentaxe de cobertura maior para o 8220.

Entre a **flora e a fauna** inventariada na área de estudo segundo o EslA (datos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a partir das cuadrículas de 10x10 km nas que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10X10 29T PH42 e PH41), pódense atopar no ámbito de actuación as seguintes especies recollidas no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA):

Categoría	Grupo	Grao de protección	
		En perigo de extinción (E)	Vulnerable (V)
Flora		<i>Iris boissieri</i> (lirio do monte) <i>Rhamnus pumila subsp. legionensis</i>	<i>Arabis juressi</i> <i>Campanula adsurgens</i> <i>Cardamine raphanifolia subsp.</i> <i>Gallaecica</i> <i>Narcissus asturiensis</i>
Fauna	Invertebrados	<i>Austropotamobius pallipes</i> (caranguexo de río)	<i>Geomalacus maculosus</i>
	Anfibios		<i>Rana iberica</i> (ra patilonga) <i>Chioglossa lusitanica</i> (píntega rabilonga) <i>Hyla arborea</i> (rela)
	Aves	<i>Aquila chrysaetos</i> (aguia real) <i>Milvus milvus</i> (miñado real) <i>Gallinago gallinago</i> <sup>(1)</sup> (narcexa, becacina cabra) <i>Vanellus vanellus</i> (avefría)	<i>Scolopax rusticola</i> <sup>(1)</sup> (arcea) <i>Circus pygargus</i> (tartaraña cincenta) <i>Circus cyaneus</i> (gatafornela) <i>Perdix perdix subsp. hispaniensis</i> (perdiz charrela)
	Mamíferos		<i>Rhinolophus ferrumequinum</i> (morcego de ferradura grande) <i>Rhinolophus hipposideros</i> (morcego pequeno de ferradura) <i>Rhinolophus euryale</i> <sup>(2)</sup> (morcego de ferradura mediterráneo) <i>Myotis mystacinus</i> <sup>(2)</sup> (morcego bigotudo) <i>Myotis myotis</i> (morcego rateiro grande) <i>Myotis emarginatus</i> (morcego de orellas fendidas) <i>Miniopterus schreibersii</i> <sup>(2)</sup> (morcego de cova) <i>Galemys pyrenaicus</i> (rato de almisce)

<sup>(1)</sup>parellas reproductoras

<sup>(2)</sup> obtido do Atlas de Morcegos de Galicia







De acordo ao “Atlas de aves reproductoras” (MITECO, 2003) non é previsible atopar parellas reproductoras de *Vanellus vanellus* (avefría) na zona.

Dado que o monte se atopa na ZEC Ancares – Courel, sinálase tamén a posible presenza de especies de fauna incluídas no Anexo II da Directiva Hábitats (93/43/CEE):

- **Invertebrados:** *Austropotamobius pallipes*, *Cerambyx cerdo*, *Elona quimperiana*, *Euphydryas aurinia*, *Geomalacus maculosus*, *Lucanus cervus*, *Margaritifera margaritifera*
- **Peixes:** *Chondrostoma polylepis*, *Rutilus arcasii*
- **Anfibios / Reptiles:** *Chioglossa lusitanica*, *Discoglossus galgani*, *Lacerta monticola*, *Lacerta schreiberi*
- **Mamíferos:** *Barbastella barbastellus*, *Galemys pyrenaicus*, *Lutra lutra*, *Miniopterus schreibersii*, *Myotis emarginatus*, *Myotis myotis*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros*, *Ursus arctos*

Ademais, no referente ás principais especies cinexéticas, pódense atopar na zona: perdiz vermella (*Alectoris rufa*), xabarín (*Sus scrofa*), corzo (*Capreolus capreolus*) e coello (*Oryctolagus cuniculus*).

Segundo o Plan de xestión do lobo en Galicia, o monte atopase na Zona 1 (Decreto 297/2008, de 30 de decembro).

O proxecto non afectaría a áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou Zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión.

De acordo coas propostas técnicas de zonificación dos Plans de Conservación e/ou Recuperación de especies ameazadas (na actualidade en fase de redacción na Dirección Xeral) a zona de actuación atopase na área de presenza do aguia real (*Aquila chrysaetos*), catalogada en perigo de extinción, e na área prioritaria do *Galemys pyrenaicus*, catalogado como vulnerable.

Polo demais, o proxecto non se localiza no ámbito de ningunha Reserva da Biosfera.

No que respecta á **paisaxe**, o lugar onde se desenvolverá a actuación enmárcase na grande área paisaxística Serras Orientais, na comarca paisaxística do Courel, O Incio e Samos – Triacastela. Atópase tamén nas proximidades das áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) do Val de Lúzara e do Courel. As mouteiras obxecto de plantación ocupan as abas e cordais cara ao río Lúzara entre Pico do Coto e Penedo Redondo e as do Alto do Piquín. O val do Lúzara presenta numerosos elementos de interese paisaxístico polo seu valor natural, etnográfico e panorámico. Destacan dentro do ámbito polo seu interese etnográfico o núcleo de Parada e os seus elementos asociados (cortes e alvarizas), os soutos de castaños e os queirogais polo seu cromatismo estacional e os afloramentos rochosos pola riqueza de texturas.

En canto ao **patrimonio cultural**, dentro do perímetro do monte localízanse 4 bens do Catálogo do patrimonio cultural de Galicia e unha referencia á existencia dun posible ben de carácter cultural:

- Mámoa do Chao M1 (GA27055044)
- Mámoa do Chao M2/Medorra do Penedo Grande (GA27055064)
- Mámoa do Chao M3/Medorra dos Campaciños (GA27055065)
- Castro de Parada/A Roda do Castro (GA27055036)
- Mina do Castro de Parada (REF27055005)

De entre as anteriores, a única que se localiza na zona de actuación (mouteira 1) é a Mámoa do Chao M2/Medorra do Penedo Grande (GA27055064).





## 2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

### 2.1. Resumo da tramitación

O 24.01.2019 recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a memoria ambiental do proxecto, remitida polo promotor ao non tramitalo o órgano substantivo.

O 06.02.2019 remíteselle a documentación ao Servizo de Montes de Lugo, da Xefatura Territorial, por ser o órgano substantivo, para que inicien o procedemento de avaliación ambiental de ordinaria.

Ao non obterse resposta, o 01.07.2019 o promotor volve a reenviar a documentación do expediente, xunto cunha solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental ordinaria, que ao non ser admitido na Xefatura Territorial de Lugo, este Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos asumiu a tramitación do expediente.

O 09.07.2019 o Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, notificoulle ao promotor o inicio da tramitación ambiental e solicitoulle documentación de emenda do proxecto e a elaboración do Estudo de Impacto Ambiental (EslA) así coma outros estudos asociados.

O 16.09.2019 recíbese, en resposta ao anterior, o EslA coas addendas solicitadas.

O 30.10.2019 este Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, como órgano tramitador, remite ao DOG para sometelo a información pública, o EslA, o proxecto e o estudo de impacto e integración paisaxística. Finalmente, dita información sae publicada no DOG nº217 (14/11/2019).

O 06.11.2019 este Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos solicitou informes aos seguintes organismos como parte do trámite de información pública e consultas, sobre o estudo de impacto ambiental e outra documentación asociada ao expediente:

Relación de consultados	Respostas recibidas
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	X
Instituto de Estudos do Territorio	X
Confederación Hidrográfica Miño – Sil	X
Concello de Samos	-
Servizo de Montes de Lugo	X
Federación Ecoloxista Galega	-
Sociedade Galega de Historia Natural	X
Sociedade Galega de Ornitoloxía	-

O 13.11.2020 fánelle reiteracións de consulta á Dirección Xeral de Patrimonio natural, Confederación Hidrográfica Miño – Sil, ao Concello de Samos e ao Servizo de Montes de Lugo.

O 09.03.2020 froito do proceso de información pública e consultas, recíbese neste Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, onde se solicita ao promotor a modificación do proxecto para reducir as afeccións ambientais. O 21.07.2020 recíbese, remitido polo promotor, a nova versión do EslA e do proxecto, que de novo se reenvía á Dirección Xeral de Patrimonio





Natural para a súa aceptación. Recíbese informe favorable desa Dirección Xeral o 16.12.2020, e con el, considerouse completo o expediente.

## 2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, os anuncios e certificados de exposición pública, os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsIA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

- En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:
  - A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural fai un resumo dos feitos, recolle as consideracións legais e técnicas nas que se enmarca o proxecto e informa que o proxecto de repoboación forestal no MVMC Coto Redondo, contempla a realización de actuacións dentro do contorno de protección de bens arqueolóxicos do Catálogo do patrimonio cultural de Galicia. Polo que, en base aos artigos 39 e 45 da LPCG as actuacións solicitadas deberán contar con autorización da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Cultura e Turismo.
  - A Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un primeiro informe en marzo de 2020 onde despois da descrición dos antecedentes administrativos da tramitación e facer o resumo e a análise da documentación, conclúen que a execución do proxecto pode producir afeccións apreciables sobre os valores naturais do espazo protexido non sendo compatible coa preservación destes. Por conseguinte, establecen unha serie de medidas a ser incluídas polo promotor no caso de que este estime oportuna a modificación e/ou elaboración dun novo documento.  
En efecto, o promotor inclúe as medidas e correccións solicitadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, que son analizadas nun segundo informe por esa Dirección Xeral. Neste segundo informe, de decembro de 2020, consideran que a execución da forestación é compatible co mantemento do uso sostible dos recursos naturais do espazo segundo o establecido no Plan Director da Rede Natura 2000, sempre e cando se garanta o cumprimento das medidas contempladas na documentación que o promotor achega e se teñan en conta unha serie de medidas recollidas no condicionado ambiental da presente declaración de impacto ambiental.
  - O Instituto de Estudos do Territorio emite un informe no que establece o marco legal, describe o proxecto e o contido do EsIA, as características da paisaxe afectada polo proxecto e analiza o Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP), concluíndo que o proxecto incorpora un EIIP cuxo contido se axusta formalmente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Consideran, tamén, as medidas de integración paisaxística adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe, aínda que establecen unha serie de correccións sobre o EIIP e o proxecto de repoboación que o promotor incorporou nos posteriores EIIP, EsIA e proxecto técnico, remitidos con data de xullo de 2020.
  - Confederación Hidrográfica Miño – Sil, fai un resumo dos antecedentes do proxecto, describe as actuacións propostas e establece unha serie de conclusións sobre a dispoñibilidade de recursos hídricos; vertidos; canles, zonas de servidume, policía e inundables e zonas protexidas das que derivan unha serie de obrigacións e recomendacións a ter en conta na execución do proxecto para evitar afeccións á zona de servidume e policía, e que serán incluídas no condicionado ambiental da presente declaración de impacto ambiental.
  - A Sociedade Galega de Historia Natural informa sobre diversas cuestións, que son competencia do órgano substantivo e no ámbito ambiental son recollidas na presente declaración.





- O Servizo de Montes de Lugo emite un informe no que indica que na zona de actuación non existen masas correspondentes a formacións forestais do anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia que sexan superiores a 15 ha. Indican tamén, que a zona que se pretende repoboar pertence á comunidade de Casela e Parada e que se atopa parcialmente incluída dentro do convenio de Coto Redondo con número de elenco 2715725. Por todo iso, informan favorablemente á actuación.
  - Para todos os informes antes indicados constan no expediente escritos do promotor de conformidade ou de resposta ao seu contido.
  - O Concello de Samos non emitiu informe sobre o EsIA. No expediente consta a reiteración da solicitude efectuada pola unidade tramitadora, que considerou procedente continuar coa tramitación unha vez esgotado o prazo para a emisión do dito informe.
- Non se recibiron alegacións ambientais de ningún tipo.
  - En canto a outra documentación, o expediente contén, ademais do EsIA, o proxecto de execución e a que se cita ao longo deste punto 2.2, diversa documentación que se incorporou ao expediente ao longo da tramitación como resultado de certos requirimentos segundo se recolle no punto 2.1, e que inclúe a seguinte:
    - Os documentos *Estudo de impacto e integración paisaxística do proxecto de "Repoboación no MVMC Coto Redondo" pertencente a CMVMC de Caselas e Parada, parroquia de Santalla (Samos – Lugo) de setembro de 2019 e a Addenda ao estudo de impacto ambiental: Documentación e cartografía ambiental complementaria para a definición dos elementos presentes no ámbito do estudo do proxecto de " Repoboación no MVMC Coto Redondo", pertencente a CMVMC de Caselas e Parada, parroquia de Santalla (Samos-Lugo) de setembro de 2019. Ambos son achegados polo promotor para dar resposta á solicitude de emenda de documentación efectuada por este órgano ambiental.*
    - Os documentos *Revisión do proxecto de repoboación no MVMC de Coto Redondo (Samos – Lugo), Revisión do estudo de impacto ambiental do proxecto de repoboación no MVMC de Coto Redondo (Samos – Lugo) e EIIP da Revisión do proxecto de repoboación no MVMC de Coto Redondo (Samos – Lugo) achegados polo promotor como resposta a diversos informes que constan no expediente.*

### 3. ÁMBITO DA DIA E CONDICIÓN AMBIENTAIS

#### 3.1. Ámbito da DIA

Unha vez efectuada a análise técnica do expediente, cabe indicar que o proxecto de repoboación forestal no MVMC Coto Redondo na parroquia de Santalla (Samos, Lugo) consiste fundamentalmente na repoboación de 22,093 ha de *Pinus sylvestris* cun marco de plantación de 3x3 m e 1111 pés / ha no MVMC "Coto Redondo" e o uso de 1,522 ha como infraestruturas vinculadas á defensa contra incendios. A superficie total de actuación é de 23,615 ha.

A localización do proxecto será a que se recolle no *Plano nº2 "Mouteira de actuación sobre ortofoto"* incluído no *Anexo I "Cartografía Ambiental"* do documento *Revisión do estudo de impacto ambiental do proxecto de repoboación no MVMC de Coto Redondo (Samos – Lugo). Xullo 2020*. Este plano equivale á Figura 2 recollida na presente declaración de impacto ambiental.







Así mesmo, e tras realizar a referida análise do expediente, establécense as seguintes condicións para o desenvolvemento do proxecto, que complementan, matizan ou subliñan as incluídas no EsIA e a restante documentación avaliada:

### **3.2. Protección da atmosfera, poboación e saúde**

#### **3.2.1. En canto ás emisións de po e gases á atmosfera**

1. A maquinaria a empregar cumprirá coa normativa de emisións que lle resulte de aplicación, debendo dispor de documentación acreditativa ao respecto, así como a ITV en vigor.
2. Intentarase que as actuacións se leven a cabo en días de pouco vento, para reducir a xeración de po e perda de solo.

#### **3.2.2. Co obxectivo de diminuír as molestias por ruído**

1. Evitarase a realización dos traballos mecanizados durante o período nocturno, debendo respectar os horarios de descanso das poboacións máis próximas.
2. Deberán respectarse os valores establecidos no Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, que sexan de aplicación, así como o Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia.

### **3.3. Protección das augas e leitos fluviais**

1. Deberase contar coas correspondentes autorizacións administrativas previas do organismo de conca no ámbito territorial da súa competencia no referido a calquera obra, traballo ou afección fixa ou temporal que poida afectar aos cursos de auga ou ás súas zonas de protección (zona de servidume e policía) incluíndo zonas de fluxo preferente e zonas inundables, así coma a calquera aproveitamento de augas públicas, superficiais ou subterráneas (como a rega) e aos vertidos directos ou indirectos ás augas e de produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico.

Así mesmo, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril), así como na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, no Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, e demais normativa que resulte de aplicación, entre ela as disposicións normativas dos plans hidrolóxicos.

2. Deberán establecerse as medidas preventivas nas accións sobre a auga relacionadas coas augas de escorrenta e os hidrocarburos líquidos utilizados polas máquinas, en canto a que puideran resultar contaminantes potenciais por alterar as augas superficiais e incluso contaminar as subterráneas.

3. Nos traballos forestais cotiás recoméndase o uso para o engraxe de maquinaria lixeira (motoserra) e pesada (sistemas hidráulicos de maquinaria) de aceite biodegradable (UNE-EN ISO 9888) compatible coa conservación da calidade das augas e solos.





4. A eliminación de vexetación no dominio público hidráulico e as súas zonas adxacentes de servidume e policía deberán contar de maneira previa coa autorización do organismo de conca (Confederación Hidrográfica Miño – Sil).

5. Contarase con cantas medidas sexan necesarias para evitar afeccións aos cursos de auga próximos tanto na fase de instalación como logo na explotación, empregando, de ser necesario, barreiras físicas temporais que eviten verteduras, drenaxes ou afección por parte da maquinaria.

6. A aplicación de produtos químicos fitosanitarios realizarase por persoal cualificado e conforme ao especificado no Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios.

7. A acumulación temporal de materiais e restos de vexetación situaranse fóra das áreas de escorrenta natural do terreo, de forma que non poidan ser arrastrados polas augas en caso de enchentes ou chuvias intensas.

8. Cumprirase, en todo momento, a normativa sectorial vixente e o Código galego de boas prácticas agrarias Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias relativas a reducir ao mínimo, a contaminación por nitróxeno derivada da actividade da explotación. Terase especial coidado co rego que atravesa as parcelas sobre as que se vai actuar.

9. As repoboacións propostas deberán realizarse conforme ao Real Decreto 289/2003, de 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución, e de acordo co disposto nos artigos 73 e 74 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico e no *artigo 34.-Tala e Plantación de Árbores* do Anexo III do Real Decreto 1/2016 (Plan hidrolóxico Miño-Sil), en particular no apartado 3 onde se di que: *“En todo caso, deberase respectar o dominio público hidráulico e a faixa de vexetación de ribeira autóctona da zona de servidume e policía, de forma que as plantacións que se vaian autorizar non se realicen con especies alóctonas ou exóticas invasoras, conforme ó artigo 3 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, co obxectivo de preservar o estado do dominio público hidráulico e as súas zonas adxacentes, e previr o deterioro do ecosistema fluvial, contribuíndo á súa mellora. En calquera caso non se poderán realizar plantacións no cauce de augas baixas”*, así como na circular de Presidencia deste Organismo de conca de 8 de febreiro de 2017.

10. Cumprirase en todo o momento cos artigos 7, 9, 9bis, 14 e 14bis do RDPH no referido ás actuacións permitidas e non permitidas no Dominio Público Hidráulico, en concreto, dentro da zona de servidume, policía, fluxo preferente e zona inundable, respectivamente.

### 3.4. Protección do solo e infraestruturas

1. Delimitaranse as distintas zonas de obra mediante o seu balizamento, que deberá manterse en perfecto estado durante o transcurso da actuación e ser retirado cando esta finalice. En especial, balizaranse tamén as áreas de protección (elementos culturais, masas autóctonas, etc) para non ser afectadas pola actuación.

2. Contemplanse as medidas preventivas e correctoras necesarias para evitar derrames de aceites, carburantes, combustibles, cementos e outros compostos contaminantes procedentes de maquinarias, instalacións ou construcións se verterán directamente ao terreo e aos cursos de auga, debendo planificarse as medidas preventivas e correctoras encamiñadas a prever estas situacións, en especial para todo o relacionado co parque de maquinaria e zonas de tránsito de vehículos. Así mesmo, evitanse e, no seu caso, preveranse as consecuencias que un uso inadecuado de maquinaria forestal poida supoñer en relación coa cobertura vexetal do terreo e o arrastre ata os cursos de auga de sólidos ou terras por escorrenta.





3. As actividades de mantemento da maquinaria empregada farase en talleres autorizados, e de non ser posible, en lugares adaptados para tal fin, e nunca na zona de actuación ou nas inmediacións desta.

4. Deberanse adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito da maquinaria, evitando a erosión e o posible arrastre de materiais coa auga de escorrenta.

5. En caso de un accidente con derrame de aceites o hidrocarburos terán que retirar o solo contaminado para a súa descontaminación ou tratamento e posterior reintegración ao terreo do solo descontaminado, ou de non ser posible, de novo solo.

### 3.5. Xestión de residuos

1. Queda prohibida a queima de restos ou calquera outro tipo de material durante todas as fases do proxecto.

2. Os restos vexetais xerados serán triturados preferentemente, mediante pase de rozadoira e posteriormente distribuídos polo terreo.

3. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da execución, mantemento ou no seu caso, desmantelamento, deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme a lexislación vixente, primando a reciclaxe ou reemprego fronte ao vertido. Do mesmo xeito tampouco se pode facer calquera tipo de vertedura de residuos independentemente da súa natureza en todo o entorno de actuación, sendo o seu destino os xestores autorizados.

4. Deixarase libre de pedras ou outros obstáculos a rede de drenaxe da parcela, para evitar obstrucións e asolagamentos que favorezan á erosión do solo.

### 3.6. Protección da fauna, vexetación, hábitats, espazos protexidos e outros valores naturais

#### 3.6.1. Sobre a fauna

1. Antes do inicio dos traballos, levarase a cabo unha prospección minuciosa para constatar a presenza ou ausencia de especies do Catálogo galego de especies ameazadas regulado polo Decreto 88/2007 do 19 de abril (DOG núm. 89, do 09.05.2007) comunicándoo, en caso de detección, ao Servizo de Patrimonio Natural de Lugo, xunto coas medidas que se propoñan. Deberase prestar especial atención no caso das especies catalogadas *Aquila chrysaetos* (en perigo de extinción) e *Galemys pyrenaicus* (Vulnerable), por situarse a zona de actuación nunha área de presenza e prioritaria respectivamente, para estas.

2. Os traballos han de realizarse fóra da época de nidificación/cría das especies máis sensibles, tales como o *Circus pygargus*, *Circus cyaneus*, *Perdix perdix* ou *Aquila chrysaetos*

3. Terase especial coidado de non afectar aos cursos de auga para evitar danos sobre a fauna asociada a estes, en especial o *Austropotamobius pallipes*.

#### 3.6.2. Sobre a vexetación e os hábitats naturais

1. Seguen a identificarse pequenas zonas con pendentes superiores ao 50 %, que supoñen unha superficie aproximada dunhas 3 ha, **que deberán preservarse da forestación**. Así mesmo, pódese observar que a pendente é elevada na meirande parte da mouteira a plantar, polo que **deberán extremarse as precaucións na execución dos traballos e evitar a erosión do terreo**.





2. Nas labores de roza, preparación do solo, etc, que se leven a cabo, evitarase transitar coa maquinaria fóra das zonas de actuación, coa finalidade de minimizar a afección aos hábitats de interese comunitario.

3. Tendo en conta que a execución do proxecto implicará necesariamente a diminución do hábitat de interese comunitario 4030 (Queirogais *secos europeos*) na ZEC e aínda que se trata dun hábitat amplamente representado, **deberán incorporar medidas tendentes á recuperación e conservación do mesmo, naquelas superficies do monte onde isto sexa posible**. O que se pretende con esta actuación é compensar, en parte, a superficie do hábitat ocupada pola plantación. Neste senso, propónse:

- O peche de pistas en desuso ou que foran substituídas por outras, permitindo a súa rexeneración natural.
- A recuperación de áreas ocupadas por infraestruturas obsoletas, tales como antigos cortalumes ou áreas de defensa, vías de saca, etc.
- De existir na superficie do monte veciñal áreas ocupadas polo hábitat 4030 sobre as que se realizan rozas ou cultivos (nos sistemas coñecidos como “estivadas”, “cavadas” ou semellantes), trasladaranse as ditas actuacións a outras zonas de menor afección que non estean ocupadas polo hábitat referido (tales como toxais, xesteiras, etc) contribuíndo á súa rexeneración e conservación.
- Calquera outra actuación ou medida semellante ás sinaladas e que permita unha adecuada conservación do hábitat e, no seu caso, a recuperación e reincorporación de novas superficies ocupadas por este.

### 3.6.3. Sobre os espazos protexidos

1. En atención ás que se enmarcan no ámbito do recollido no artigo 20 bis da lei 3/2007, do 9 de abril e para o ámbito da rede Natura 2000, **é de aplicación o establecido na Instrución conxunta da Dirección Xeral de Conservación da Natureza e da Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal, pola que se ditan os criterios comúns sobre os usos permitidos nos terreos dedicados á actividade agropecuaria (agrícola, gandeira e forestal) en zonas de rede Natura 2000** (a instrución pode ser consultada no portal de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.

### 3.6.4. Outros

1. Se durante a execución e explotación do proxecto se detecta ou demostra calquera afección significativa sobre os valores naturais da zona, tomaranse inmediatamente as medidas adecuadas para paliar a dita afección e será a Dirección Xeral de Patrimonio Natural quen decidirá sobre a conveniencia da solución a adoptar, así como as actuacións precisas ou as medidas compensatorias adecuadas para corrixir os efectos producido

## 3.7. Protección do patrimonio cultural

1. Previo ao inicio das actuacións, o promotor deberá contar coa autorización da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Cultura e Turismo, ao contar o proxecto con intervencións dentro do contorno de protección de bens catalogados, como indica a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe.

## 3.8. Integración paisaxística e restauración

1. Cumprírase coas medidas preventivas e correctoras do impacto recollidos no EIIP e que o Instituto de Estudos do Territorio deu por adecuadas así como o establecido por este no seu informe sectorial.







### 3.9. Protección ante accidentes graves ou catástrofes

1.- Terase en conta as recomendacións que o Concello de Samos, ou a administración pública que corresponda, poida ditar en materia de riscos, de acordo coa Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil e a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

### 3.10. Outras condicións

1. Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta DIA, o promotor deberá designar unha persoa responsable do seu control e notificar o seu nomeamento ao órgano substantivo, quen o comunicará ao órgano ambiental para a súa constancia no expediente.

2. Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA deberá ter en conta a variable ambiental, e no caso de que poida producir efectos significativos sobre o medio ambiente deberáselle notificar previamente á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, a través do órgano substantivo e acompañado da pertinente valoración ambiental comparativa, realizada polo órgano substantivo, para que o órgano ambiental o avalíe e informe sobre a súa aceptación, comunicando no seu caso as condicións que cómpre impoñerlle ou se procede iniciar un novo trámite de avaliación ambiental.

3. O promotor deberá comunicar ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo e coa suficiente antelación, as datas previstas de inicio e conclusión da actuación.

4. Na fase de abandono, recolleranse todos aqueles elementos artificiais, que serán xestionados de acordo coa lexislación vixente en materia de residuos, e a superficie de actuación será repoboada con especies autóctonas de ecotipos locais.

## 4. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMIENTO AMBIENTAL

### 4.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias que figuran na documentación avaliada e o condicionado da DIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. Así mesmo, debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións ou afeccións que non se teñan previsto, e levar a cabo novas medidas acordadas coas novas problemáticas xurdidas.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberáselle incorporar os controis e estudos necesarios para completalo e adaptalo ao condicionado que se deriva desta DIA. Na definición final do programa fixaranse segundo a fase (execución, explotación ou abandono) a periodicidade, os indicadores e os limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os obxectivos indicados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- a) O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado para identificar os elementos protexidos da biocenose e para valorar a idoneidade das medidas adoptadas e os impactos que as actuacións do proxecto poden inducir sobre o medio. Terá a capacidade técnica e coñecementos ambientais suficientes, de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior.





- b) No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable, no EslA ou nesta DIA, comunicaráselle inmediatamente ao órgano substantivo, propoñendo as medidas correctoras precisas para corrixilos. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

#### 4.2. Aspectos específicos

1. Velarase o cumprimento, durante a fase de execución de todas as medidas indicadas no condicionado ambiental do presente documento, en especial dos seguintes aspectos:

- excluíranse da plantación as 3 ha de superficie con pendentes superiores ao 50 % como se poden observar nos planos que achega a Dirección Xeral de Patrimonio Natural no seu último informe
- extremaranse as precaucións na execución dos traballos para evitar a erosión do terreo dada a elevada pendente do terreo
- cumprírase coa instrución relativa ás rozas en zonas de Rede Natura 2000 e farase unha prospección minuciosa antes do inicio dos traballos para constatar a presenza ou ausencia de especies recollidas no Catálogo galego de especies ameazadas.
- Como medida compensatoria pola ocupación da superficie do hábitat de interese comunitario 4030 (Queirogais secos europeos) pola plantación, deberán aplicarse medidas para a recuperación e conservación deste naquelas superficies do monte onde sexa posible, de acordo ao indicado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural no seu último informe.





## 5. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, propónse formular a declaración de impacto ambiental nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Manuel Díaz Cano (asinado electronicamente)  
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos

CONFORME

Juan Manuel Camiño Soto (asinado electronicamente)  
Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental

### RESOLVE:

Formular a declaración de impacto ambiental do proxecto de Repoboación forestal no M.V.M.C. Coto Redondo, na parroquia de Santalla, no concello de Samos (Lugo) promovido pola C.M.V.M.C. de Caselas e Parada, concluíndo que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no EsiA e a restante documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles, prevalecerá o disposto nesta DIA.

Consonte o disposto no artigo 52 da dita Lei 21/2013, correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento e vixilancia do cumprimento da declaración de impacto ambiental.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar, do xeito que proceda, os condicionados adicionais que resulten oportunos.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e se lle remitirá ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

Así mesmo, non exime ao promotor de obter calquera outra autorización, licenza, permiso ou informe que sexa necesario para a execución e/ou funcionamento do proxecto.

O órgano substantivo deberá notificar a esta dirección xeral calquera cambio de titularidade que se produza na instalación.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto polo que se autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Sagrario Pérez Castellanos (asinado electronicamente)  
Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

